



**ELECCIÓN S AO CONSELLO ESCOLAR DOS PERSOAS REPRESENTANTES
DAS FAMILIAS E/OU TITORES/AS LEGAIS DO ALUMNADO
CONVOCATORIA**

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 18), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS, NAIS, TITORES/AS LEGAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1.- Corresponde elixir no presente proceso electoral a 1 **pais/nais** e/ou representantes legais dun total de 3 que debe ter o Consello Escolar.

2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluído no Censo correspondente que, a partir do día da publicación desta convocatoria, está exposto no taboleiro de anuncios do vestíbulo do edificio da ESO. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, dende o 4 de novembro ata as 14:00 horas do día 11 de novembro.

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial, segundo o modelo que se facilitará na Conserxería do Centro. As candidaturas poderán ser presentadas dende o 4 de novembro ata as 14:00 horas do día 11 de novembro en Administración (edificio ESO).

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais, nais, titores/as legais que non se presenten como candidatos, o día 12 de novembro, ás 11:00 horas no despacho de Dirección. Esta mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como Presidenta, e catro pais/nais ou titores/as legais, actuando de secretaria a persoa de menor idade.

5.- A campaña electoral comprenderá dende o 13 ao 18 de novembro, ambos os días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do centro.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais, nais ou titores/as legais do alumnado matriculado no Centro que sexan propostos/as pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados/as cando menos pola sinatura de 10 electores/as.

7.- As votacións realizaranse neste Instituto o **día 19 de novembro, de 18:00 a 20:00 horas** no vestíbulo da entrada ao edificio da ESO. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 17:45 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de **un nome** dos candidatos/as presentados/as, debendo acreditar a súa identidade á hora de votar, mediante o D.N.I. ou documento semellante. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o/a titor/a legal do alumnado.

10.- Finalizada a votación, precederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío á Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Vilagarcía, 30 de outubro de 2024.

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL

Asdo. Adriana lameiro Pérez



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA CASTRO
ALOBRE

